

# XORNADA ATLETISMO DEPUTACIÓN DE LUGO

23 de DECEMBRO do 2023

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a XORNADA ATLETISMO DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 23 de DECEMBRO de 2023**, en xornada de tarde no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio PérezRivera**.

## REGULAMENTO

**Art 1.** Poderán participar todos os atletas que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola F.G.A. ó longo da tempada actual **2023**.
- Atletas dende categoría **sub-16 en adiante**.

**Art 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da RFEA ([isis.rfea.es/sirfea2/](http://isis.rfea.es/sirfea2/)) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo. Publicándose o listado de admitidos o mércores as 14:00h e tendo de prazo para comunicar baixas ata o xoves ás 18:00h.**

**Art 3.**

## HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
<b>XORNADA MAÑÁ</b>		
<b>200ML</b>	<b>15:30</b>	
	<b>15:40</b>	<b>200ML</b>
<b>300ML</b>	<b>15:50</b>	
<b>SALTO LONXITUDE – grupo A</b>	<b>16:00</b>	<b>SALTO DE ALTURA 300ML (sub 16)</b>
<b>600ML (sub 16)</b>	<b>16:10</b>	
	<b>16:20</b>	<b>600ML (sub 16)</b>
<b>1000ML (sub16 ata senior)</b>	<b>16:30</b>	
	<b>16:40</b>	<b>1000ML (sub16 ata senior)</b>
<b>LANZAMENTO DE XAVELINA</b>	<b>17:00</b>	<b>LANZAMENTO DE XAVELINA SALTO LONXITUDE – grupo A</b>
	<b>17:20</b>	<b>Semifinais - 60 mv (0.76m)</b>
<b>SALTO DE ALTURA</b>	<b>17:30</b>	<b>Semifinais - 60 mv (0.84m)</b>
<b>Semifinais - 60 mv - sub 16 - (0.91m)</b>	<b>17:45</b>	
<b>Semifinais - 60 mv (0.91m-1.00m-1.06m)</b>	<b>17:55</b>	
<b>SALTO LONXITUDE – grupo B</b>	<b>18:05</b>	<b>Semifinais - 60 m SALTO LONXITUDE – grupo B</b>
	<b>18:30</b>	<b>SALTO DE ALTURA</b>
<b>Semifinais - 60 ml</b>	<b>18:35</b>	
<b>Finais – 60 mv (0.91m-1.00m-1.06m)</b>	<b>19:05</b>	
<b>Finais – 60 mv - sub 16 - (0.91m)</b>	<b>19:10</b>	
	<b>19:20</b>	<b>Finais – 60 mv (0.84m)</b>
	<b>19:25</b>	<b>Finais – 60 mv (0.76m)</b>
<b>60 ml – Finais A-B</b>	<b>19:30</b>	
	<b>19:40</b>	<b>60 ml – Finais A-B</b>

**Art 4. PARTICIPACIÓN:** Nas probas con límite de prazas **terán preferencia os atletas da provincia de Lugo**. O resto de prazas cubriranse segundo a mellor marca dos inscritos (tempada actual ou 2022).

**Art 5.** Os atletas retirarán o seu dorsal na zona habilitada ata 60' antes da celebración da proba. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

**Art 6. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca.** Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

#### **Art 7. RONDAS FINAIS:**

- **60 ml:** Clasificaranse para a final as 12 mellores marcas das series previas.
- **60 mv:** Clasificaránse os 3 mellores tempos nos 60 mv 0.91m (sub-18) e 1.00m, e os 6 mellores tempos no resto de probas de valados.

**Art 8. Artefactos:** Os artefactos homologaranse ata 60' antes da celebración da proba, entregaranse na Secretaría e Resultados.

#### **Art 9. Tentativas, Cadencia e Mellora:**

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS
SALTO ALTURA Masculina	12	1.30-40-50-55-60-65-68-71...
SALTO ALTURA Feminina	12	1.20-30-35-40-45-48-51...
SALTO LONXITUDE A	12	3 tentativas + 3 mellora para 8 primeiros
SALTO LONXITUDE B	8+8	3 tentativas
LANZAMENTO DE XAVELINA	8+8	4 tentativas

**Art 10.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a **sanción será de 5€**.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 18:00h darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos).

**Art 11.** O **aceso ao módulo cuberto será restrinxido**, os adestradores que queiran acceder deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web: [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).

**Art 12.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 13 de decembro de 2022

O Delegado en Lugo da FGA